

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO INDUSTRIAL 2021

Novo programa para impulsar o talento,
a empregabilidade e a mobilidade do
persoal investigador



Descrición

O programa financia o desenvolvemento de **15 teses de doutoramento na contorna empresarial**, baseadas en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía, e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG).

- O proxecto deberá estar orientado á **resolución das necesidades** da empresa ou centro de innovación e tecnoloxía.
- **A empresa ou centro asumirá a contratación** do doutorando ou doutoranda.

Obxectivos

- **Fomentar a transferencia de coñecemento e de resultados de investigación** desde as universidades galegas ao mercado, en sectores de interese estratéxico para Galicia.
- **Captar, formar e reter talento**, facilitando que estudantes de doutorado desenvolvan proxectos de investigación en empresas, ao tempo que poden obter un doutoramento industrial.
- **Favorecer a incorporación de persoal doutor mozo ás empresas**, creando novas saídas profesionais.
- **Fortalecer a vinculación entras as empresas e as universidades do SUG**, promovendo a identificación de necesidades de innovación do tecido empresarial e o deseño de solucións por parte das universidades.

Beneficiarios



Empresas e centros de innovación e tecnoloxía con sede en Galicia que desexen contratar investigadores ou investigadoras predoutorais para realizaren un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG.



Universidades do SUG que desexen participar na execución dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva en colaboración cunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía en Galicia.

Intensidade da axuda e gastos subvencionables

Empresas e centros de innovación e tecnoloxía



Financiamento dun **contrato predoutoral industrial de ata tres anos** de duración.

Importe máximo: 24.000 €
anuais por contrato.



Gastos asociados á contratación e para o seguro durante o período da estadía.

Complemento de 1.000 €
anuais por axuda.



Estadías de tres meses de duración **no estranxeiro**, para formación da persoa doutoranda.

Importe máximo: 6.000 €
(en función da zona de destino) anuais por axuda.



Outros gastos relacionados co desenvolvemento do proxecto de doutoramento industrial: **viaxes e axudas de custo** da persoa contratada, pequeno equipamento e material funxible, **servizos tecnolóxicos externos**.

Importe máximo: 5.000 €.

Universidades



Gastos relacionados co desenvolvemento do proxecto no ámbito da universidade: custos de contratación de **persoal investigador ou auxiliar**, pequeno equipamento e material funxible, material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas, viaxes e **axudas de custo cun máximo do 20% da axuda xustificada**, ferramentas de xestión do coñecemento e a información, **servizos tecnolóxicos externos**, **custos indirectos ata un máximo do 20% da axuda xustificada**, custos de auditoría.

Importe máximo: 10.000 €.



Custo da matrícula a tempo completo da persoa doutoranda no Programa de Doutoramento.

Importe máximo: 10.000 €.

ORZAMENTO TOTAL
DO PROGAMA

—
1.900.000 €


Requisitos específicos da axuda



O persoal investigador a contratar deberá **matricularse nun Programa de Doutoramento dunha universidade do SUG.**



As **universidades do SUG** deberán **designar a persoa directora académica** da tese.



O contrato deberá formalizarse con **persoal investigador predoutoral en formación** e terá unha duración **non inferior a 1 ano nin superior a 3.**

— A axuda deberá ser **solicitada conxuntamente** por unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía de acordo cunha universidade.

— As **empresas e centros de innovación e tecnoloxía** deben **designar a un responsable** da supervisión da tese e da realización do proxecto de doutoramento industrial correspondente.

— **A data de finalización dos estudos** cursados polas persoas candidatas aos contratos de doutoramento industrial deberá

ser **igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017, con certas excepcións** nas que poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2014.

— Presentarase **unha única solicitude** por parte da empresa ou centro de innovación e tecnoloxía.

— Só poderá presentarse **unha solicitude por cada proxecto.**

— **Cada persoa soamente poderá ser presentada como candidata por unha empresa ou centro** de innovación e tecnoloxía.

TIPO DE CONVOCATORIA

Convocatoria conxunta entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ORGANISMO XESTOR

Axencia Galega de Innovación

ORGANISMO FINANCIADOR

A Axencia Galega de Innovación asumirá o financiamento das empresas e centros de innovación e tecnoloxía e con cargo aos créditos da Secretaría Xeral de Universidades financiaranse as axudas correspondentes ás universidades do SUG.

ORZAMENTO

1.900.000€

TIPO DE APOIO

Axuda a fondo perdido

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO

IN606D

DATA DE PUBLICACIÓN DOG

05/10/2021

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

06/10/2021 - 05/11/2021

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

sede.xunta.gal

MÁIS INFORMACIÓN

Axencia Galega de Innovación
Rúa Airas Nunes s/n, 15702
Santiago de Compostela

centros.gain@xunta.gal

981 95 70 00

 @axenciaGAIN

 GAIN Axencia Galega de Innovación

 @axenciaGAIN

 @axenciaGAIN